



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 26 de outubro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3994/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
SCHINDLER, S.A.	97,00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2017 09:22	Páxina 1 de 3
Expediente 3994/440	Código de verificación: 28E34-554D4-DB455-44EB8	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que o apartado 6F do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares esixe unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.034,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., o día 28 de setembro, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SCHINDLER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SCHINDLER, S.A., de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e da proposición avaliable mediante fórmula, de datas 12 e 19 de setembro de 2017, respectivamente.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 30/10/2017 09:22

Páxina 2 de 3

Expediente 3994/440

Código de verificación: 28E34-554D4-DB455-44EB8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A., o procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 72.358,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.558,00 euros.*
- b) *Propón unha ampliación do prazo de garantía e mantemento de 18 mees enteiros, respecto do mínimo de 24 meses.*
- c) *Propón como mellora a renovación interior (excepto o chan e demais aspectos incluídos nos apartados 1 e 2 do PPT) dos dous ascensores existentes coa mesma estética que o novo, valorada en 1.210 euros (IVE incluído).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2017 09:22	Páxina 3 de 3
Expediente 3994/440	Código de verificación: 28E34-554D4-DB455-44EB8	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		